

O capelán do Lugo, un cura moi deportista

O sacerdote Xoán Carlos Rodríguez Paradela repasa nunha entrevista publicada no periódico El Progreso de Lugo a súa traxectoria vital e a súa paixón polo atletismo é o deporte en xeral: “Son do Club Deportivo Lugo. Xa ía cando o campo estaba na Avenida da Coruña”. Leva dez anos sendo o capelán do Lugo.

08-03-2024

Xoán Carlos Rodríguez Paradela, 65 anos, conta como pideu a admisión no Opus Dei o mesmo día que foi nomeado diácono, no verán de 1982. Meses máis tarde foi ordenado sacerdote en Valencia por san Xoan Paulo II.

A preguntas do xornalista Santiago Jaureguizar asegura que “celebrar a eucaristía diariamente é un privilexio” e fai un percorrido polas parroquias e vilas que estivo atendendo no seu labor pastoral.

O sacerdote tamén fala da súa relación co intelectual galeguista Ramón Piñeiro, que coñeceu en Compostela cando estaba cursando os catro anos de filosofía. Piñeiro "era de Láncara, de cerca da miña casa, fun velo unha vez, díxome que volvera e volvín".

<https://www.elprogreso.es/arti...>

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/o-capelan-do-lugo-un-cura-
moi-deportista/](https://opusdei.org/gl-es/article/o-capelan-do-lugo-un-cura-moi-deportista/) (05-04-2025)